

APUNTES PARA EMPRENDEDORES

PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO

A Consellería de Traballo e Benestar fixo público no DOG número 79, do 28 de abril, o seu programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

Coas seis modalidades de axuda que comprende financiaranse aqueles proxectos empresariais que faciliten a creación do seu propio posto de traballo ás persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade en Galicia como traballadores autónomos ou por conta propia. Tamén se apoiará con elas a consolidación destes proxectos pola vía da contratación indefinida dun primeiro traballador desempregado.

Estes son os distintos tipos de subvencións:

Polo establecemento como traballador autónomo ou por conta propia. O obxectivo é facilitarlles ingresos durante o inicio da actividade con axudas que poderán alcanzar os 10.000 euros.

Financeira. Consistente na redución de intereses de préstamos necesarios para a constitución como autónomo ou traballador por conta propia, tendo en conta que, como mínimo, o 75% do préstamo debe destinarse a financiar investimentos en inmovilizado material ou intanxible. Estes préstamos serán concedidos por entidades financeiras que teñan suscrito convenio con Traballo e Benestar.

Para asistencia técnica. Proporcionarase financiamento parcial da contratación, durante a posta en marcha da empresa, dos servizos necesarios para mellorar o desenvolvemento da actividade empresarial, así como a realización de estudos de viabilidade, organización, comercialización, diagnósticos, etc. Con esta subvención poderá asumirse o 75% do custo dos servizos prestados, ata un máximo de 1.000 euros.

Para formación. Cobre parte dos gastos en cursos que faga o traballador relacionados coa dirección e a xestión empresarial e coas novas tecnoloxías da información e a comunicación. Tamén alcanza ata o 75% dos custos, nesta ocasión cun tope de 3.000 euros.

Axuda excepcional. Concédese para os primeiros gastos da actividade e está dirixida ás persoas desempregadas dos seguintes colectivos: menores de 30 anos e maiores de 45, mulleres, demandantes do primeiro emprego, traballadores no rural, desempregados que terminen o seu itinerario personalizado de inserción nunha ocupación directamente relacionada no seu contido coa actividade empresarial, parados de longa duración, persoas con discapacidade e persoas pertencentes a algún colectivo en risco ou situación de exclusión social.

Pola primeira contratación indefinida. Terá que facerse o primeiro ano de actividade, recibindo deste xeito axudas por un importe que vai desde os 2.000 aos 6.000 euros.

O prazo de presentación de solicitudes finaliza o 30 de xuño.